

R.R. do 21 de xullo de 2023 pola que se publica a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite na convocatoria de axudas para a organización de obradoiros no primeiro cuadrimestre do curso 2023/24 no Campus de Ourense

Por Resolución reitoral do 13 de xullo de 2023 publicouse a listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas a trámite na convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2023/24.

Unha vez efectuada a revisión das alegacións recibidas, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro.- Publicar a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite na convocatoria de axudas para a organización de obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2023/24, no Campus de Ourense (Anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor
P.D. (R.R. do 22/6/2022; D.O.G. do 6 de xullo)
O vicerreitor do Campus de Ourense



Anexo I

Listaxe definitiva de solicitudes admitidas a trámite

Solicitante	Título obradoiro
Almudena Alonso Ferreiro	Novas linguaxes e ferramentas Maker para educación
Lucía Casal de la Fuente	Entender a música dende o canto
María Fraga Corral	Educación na natureza
Stuart John McNicholls	Mindfulness e benestar
María Lameiras Fernández	Grupo de crecemento persoal e empoderamento para mulleres
Brais Lorenzo Couto	Fotografía, novas ferramentas para contar a través das imaxes
Ana María Torrado Agrasar	Educación a través da danza e a expresión corporal
María del Carmen Verde Diego	Ferramentas de dinamización e participación comunitaria: saúde e benestar. Redución das desigualdades

Listaxe definitiva de solicitudes excluídas a trámite

Solicitante	Título Obradoiro	Motivo exclusión
Millán Brea Castro	Introdución á arteterapia	A duración total non coincide coa suma das horas presenciais e as de traballo, e éstas superan as establecidas na convocatoria

